

BASES TORNEO DE PÁDEL “CORPUS CHRISTI”

CONCELLO DE PONTEAREAS

1. O torneo celebrárase do 8 o 16 de xuño de 2018.
2. A dispoñibilidade de horario mínima por parte dos participantes para o comezo do partido será de luns a venres de 20:00h a 22:00h e sábados e domingos todo o día.
3. O lugar de celebración do torneo será o “Complejo deportivo Álvaro Pino, Piscina municipal de Ponteareas”.
4. A inscrición terá un custo de 15 euros para adultos por participante e categoría. A excepción de segunda inscrición (sen camiseta), que terá un custo de 12 euros por participante.
5. As categorías serán non federadas.
6. Todas as categorías se rexerán polo regulamento da FGP.
7. O torneo consistirá nun cadro eliminatoria e unha consolación para tódolos perdedores no primeiro encontro.
8. O torneo contará con probas masculinas (1ª, 2ª, 3ª e iniciación Ponteareas), feminina (1ª, 2ª e iniciación Ponteareas), mixta (2ª e iniciación Ponteareas). Pudendo estar anotado o mesmo xogador nun máximo de 3 probas.
9. Para realizar as categorías deberán ter mínimo un cadro de cuartos, 8 parellas. Se hai menos participantes a organización gárdase o dereito para ver o formato ou non realizar a categoría
10. Unha vez finalizado o prazo de inscrición, publicaranse na web, www.ibertenis.com os horarios dos encontros.
11. Os partidos realizaranse o mellor de 3 set con tie-break todos eles. As consolacións xogaranse con Supertiebreak o terceiro set.
12. Os partidos realizaranse en dous tipos de pista diferentes; cristal semicuberta e cristal descuberta. Sendo as pistas de cristal semicubertas as principais.
13. Os cadros serán dun máximo de: categorías masculinas 1ª 8 parellas, 2ª 16, 3ª 32 e iniciación 16; categorías femininas e mixtas 8 parellas.

14. O torneo de Pádel “Corpus Christi” Concello de Ponteareas posúe unha póliza de accidentes deportivos cumprindo a normativa vigente.

15. A organización gárdase o dereito de modificar a normativa para o correcto cumprimento da competición.

Inscrición

1. A forma de pago realizarase en efectivo antes do comezo do primeiro encontro da competición a organización.

2. A inscrición farase mediante un formulario na web www.ibertenis.com (torneos de pádel)

3. O período de inscrición será dende o día 23 de maio ata o 6 de xuño de 2018.

Premios

1. O acto de entrega de premios realizarase a continuación das últimas finais disputadas.

2. Haberá premios para campións e finalistas de tódalas categorías.